
RIGOROSAMENTE HUMANO

Texto de MANUEL ÁLVAREZ TORNEIRO

Ilustracións de LOLA SOLLÁ

Encadernación rústica, sobrecuberta. 14,5 x 21 cm. 104 páx. 12 €.

ISBN 978-84-15250-89-0. Factoría K de Libros. Tambo.

PREMIO ESQUÍO 1995

Bidueiros cantantes. Ir e vir do xirín.

Esa pedra sombriza traballada nos mares da paciencia,
o trevo, unha pinga de soidade caendo nos abismos,
nas fonduras da tarde.

Reirrei, ocarina, un perfil na poeira,
o retrato de Carmen...

[Fragmento de “Ese interior de auga que se pensa na sede”]


A voz poética de Manuel Álvarez Torneiro necesita espazo porque arrastra ecos dunha memoria en permanente estado de alerta. “Rigorosamente humano” ergue, cos cachotes do tempo, un castelo onde o corazón aprende a facerse forte.

Este poemario é un refuxio de sílabas e de cores, de filmes e de melodías; desde o efémero, certamente, e contra o efémero, asemade; canda os beatos de Cluny e Bach e Leopardi; e tamén con nosoutros todos, os seus lectores agradecidos por tanta alquimia lírica.

Reina nestas páxinas, feramente oceánica e rigorosamente humana, a beleza convocada sempre e máis despois.
A beleza como nación do poema...

A beleza, ese espazo necesario, ese proxecto ou expectativa de remedio curativo, “ese interior de auga que se pensa na sede”, como reza nun dos fermosos poemas deste libro que a colección Tambo rescata na súa versión definitiva agora, 20 anos despois da súa primeira publicación, tras recibir o Premio Esquío.

Esta obra séguelle a “Onde nunca é mañá” e “Os ángulos da brasa” (Premio Ánxel Casal de Poesía 2012, Premio da Crítica Española 2012, Premio de Poesía da Asociación de Escritores en Lingua Galega 2012 e Premio Nacional de Poesía 2013), que vai pola cuarta edición en galego e foi traducida ao castelán por Teresa Seara para Visor Libros.



■ **Temática:** poesía.

■ **Aspectos destacables:** do autor de “Os ángulos da brasa” e “Onde nunca é mañá”; outros títulos da colección *Tambo*: “Alén da fronteira: sete poetas vascos” (Premio Lois Tobío de Tradución 2012); “Tríptico”, de Antoni Marí; “Espiral de sombras”, de Xavier Seoane; “Estrela do norte”, de Luís Rei Núñez; “Tempo de exilio”, de Joseba Sarrionandia (I Premio Etxepare-Laboral Kutxa 2015 de Tradución).

Manuel Álvarez Torneiro

(A Coruña, 1932)

Traballou durante moitos anos no eido do xornalismo, vencellado ao diario La Voz de Galicia. Mantén unha actividade poética ininterrompida dende a súa estrea serodia coa obra “Memoria dun silencio” (1982). A súa traxectoria inclúe os títulos “Fértil corpo do soño” (1985), “Luz de facer memoria” (1999, Premio González Garcés e Premio da Crítica Española) e “Campo segado” (2001). Dende entón, vén publicando os seus libros na colección *Tambo*: “Epicentro” (2003, finalista do Premio Nacional de Poesía), “Setembro Stradivarius” (2004), “Parábola do incrédulo” (2006), “Os ángulos da brasa” (2012, Premio Nacional de Poesía, Premio da Crítica Española, Premio Ánxel Casal da Asociación Galega de Editores e Premio de Poesía da Asociación de Escritores en Lingua Galega) e “Onde nunca é mañá” (2014).